

## CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

### VOLTA Á RODA

A actividade estará guiada por un fio narrativo no que unha afiadora galega viaxa polo mundo coa súa roda. Así, iremos facendo paradas en pobos, culturas e comunidades diversas; cada mes a afiadora coñecerá un novo lugar e nós con ela.

Todos os martes de 18 a 19.30 h | Nenos/as de 4 a 6 anos

### ANIMACIÓN Á LECTURA

Actividade de fomento á lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo, a descuberta e o teatro o mundo dos libros.

Todos os mércores de 18 a 19.30 h | Nenos/as de 7 a 12 anos

### CLUB DE EXPEDICIÓN

Convertémonos en aventureiros/as dentro da nosa propia cidade e coñeceremos os seus segredos e tesouros.

Grupo 1: Nenos/as de 5 a 7 anos( 2 sesións ao mes)

Grupo 2: Nenos/as de 7 a 12 anos( 2 sesións ao mes)

Xoves de 18 a 19.30 h \* 2 grupos 2 sesións ao mes

## CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

### EN XOGO!

Xogos e actividades libres e dirixidas, cantigas e dinámicas de movemento.  
Martes de 17 a 20.30 h e Sábados de 10.30 a 13.30 h e de 17 a 20.30 h |  
Nenos/as de 3 a 14 anos

### BRINCANDO CON...

A aula de xogo estará chea de divertidas e diferentes dinámicas e retos que espertarán a curiosidade e creatividade dos/as nenos/as.

Mércores de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 3 a 14 anos

### PEQUENOS/AS DESCUBRIDORES/AS...

As nenas e nenos descubrirán unha chea de curiosidades a través do xogo, das emocións e da experimentación.

Xoves de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 3 a 14 anos

### MÁIS QUE CONTOS!...

Actividade de fomento á lectura na que se presenta de forma lúdica e a través dos xogos o mundo dos libros

Último venres de cada mes de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 3 a 14 anos

## CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA

### TRISCA TALENTOS

Xogos con elementos naturais onde se fomenta a creatividade e se respecta o medio.

Todos os martes de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 4 a 12 anos

### TRISCA CREATIVOS/AS

Obradoiro no que os nenos e nenas crean, transforman, coñecen diferentes materiais.

Todos os mércores de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 4 a 12 anos

### TRISCA XOGANTÍNS/AS

Xogos tradicionais e de mesa que fomenten que os/as nenos/as interactúen, respecten e socialicen.

Todos os xoves de 18.30 a 19.30 h | Nenos/as de 4 a 12 anos

### TRISCA CHEFS

Convertímonos en Chefs para elaborar unha receita

O primeiro venres de cada mes a partir das 18h | Nenos/as de 4 a 12 anos

### TRISCA LECTORES/AS

Actividade de fomento da lectura a través de xogos, cancións, dinámicas e obradoiros.

Venres de 18.30 a 19.30 h (agás o primeiro venres de mes) | De 4 a 12 anos

## HORARIOS AULAS DE XOGO

### CENTRO SOCIOCULTURAL DO CASTIÑEIRIÑO

- De martes a venres de 17 a 20 h
- Sábado de 17 a 20 h\*
- (\*En función da actividade do club Mozo)

### CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO

- De martes a sábado de 17 a 20.30 h

### CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

#### AULA DE XOGO 1

- De martes a venres de 17 a 20.30 h
- Sábado de 10.30 a 13.30 h

#### AULA DE XOGO 2

- Luns de 17.30 a 21 h
- De martes a venres de 17 a 20.30 h
- Sábado de 10.30 a 13.30 h

### CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- De martes a venres de 17 a 20.30 h
- Sábado de 10.30 a 13.30 e de 17 a 20.30 h

### CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA

- De martes a venres de 17.30 a 21 h

### CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

- De martes a venres de 17 a 20.30 h
- Sábado de 10.30 a 13.30 h

Prazas segundo  
normativa vixente e  
capacidade da aula.  
Necesaria inscrición  
previa



A participación nas actividades promovidas polos centros socioculturais supón a aceptación das condicións marcadas polas autoridades sanitarias, a obriga de información e consentimento informado mediante a sinatura do formulario dispoñible en [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)  
Esta programación poderá ser modificada ou suspendida por razóns sanitarias.



# PROGRAMA DE ACTIVIDADES

XANEIRO - XUÑO 2022

**AULAS DE  
XOGO**  
REDE DE CENTROS  
SOCIOCULTURAI  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

As aulas de xogo dos Centros socioculturais son espazos de lecer e aprendizaxe de valores solidarios, respecto polos demais e fomento activo da creatividade persoal e grupal a través do xogo.

Seguindo a dinámica habitual, presentamos a programación para o período xaneiro-xuño 2022, con actividades en torno a diversos centros de interese e celebración de días especiais para divertirse e aprender dunha forma lúdica.

Convidámosvos a que vos acheguedes as aulas de xogo para descubrir novas propostas que os tempos actuais permiten facer de novo con seguridade, podendo retomar as dinámicas pre-covid habituais das aulas de xogo.

### XANEIRO

Despedimos o Nadal coa actividade de intercambios dos agasallos viaxerios para todos/as os/as participantes destes obradoiros e damos a benvida ao novo ano con novos talleres e xogos.

### FEBREIRO

Iniciamos a preparación do **Entroido** coa tradición de elaborar disfraces e complementos con materiais sinxelos.

- **Venres 11: Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.** Obradoiros de ciencia divertida nas aulas de xogo.

### MARZO

Con motivo do Día Internacional da Felicidade dedicamos este mes a xogos e experiencias felices, conectando coas nosas emocións a través da arte, do xogo e da expresión.

- **Sábado 19:** celebramos o **Día Internacional da Felicidade** cos momentos e lembranzas máis felices que temos na memoria, elaborando unha obra artística en grupo en homenaxe a estes momentos especiais.

### ABRIL

Dedicamos a primeira quincena ao Día internacional do Libro Infantil e Xuvenil, con actividades de animación á lectura e achegamento a obras literarias a través de obradoiros lúdicos. A seguinte quincena estará dedicada ao mundo circense.

- **Sábado 2: Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.** Nos diferentes obradoiros poderás coñecer outra forma de ver e gozar da lectura.
- **Martes 19: Celebramos o día Mundial do Circo;** iniciamos sinxelos obradoiros de maxia, malabares, equilibrio e moito humor, transformando a aula de xogo nun pequeno circo no que os nenos/as son os/as protagonistas.

### MAIO

Con motivo do Día Internacional do Dereito ao Xogo, o mes de maio servirá para poñer en valor o xogo como centro de interese para reclamar o seu protagonismo e lembrar a adultos e institucións que teñen a responsabilidade de garantir as condicións necesarias para asegurar este dereito.

- **Sábado 28: Día internacional do Dereito ao Xogo.**

### XUÑO

Realizaremos actividades de exterior e xogos en contacto coa natureza.

- **Venres 3: Día Mundial da Bicicleta**
- **Visita ao MELGA, Museo Etno-lúdico de Ponteceso.** Un espazo de compromiso co pasado lúdico que serve de instrumento didáctico para as presentes e futuras xeracións, no que se organizan actividades e eventos diversos.

\* Consultar programación específica de cada mes

## CENTRO SOCIOCULTURAL JOSÉ SARAMAGO DE VITE

### XOGO LIBRE

De martes a venres de 18.30 a 20 h | Nenos/as de 3 a 12 anos

### AS AVENTURAS DE VITE

Actividade na que se realizará a colaboración co Proxecto da USC As Aventuras de Luli; os nenos/as deberán descifrar o mapa de Luli a través de retos e pistas.

Martes de 17.30 a 18.30 h | Nenos/as de 3 a 6 anos

### ARTE E MAÑA

Elaboración de elementos de manualidades, murais temáticos, xogos e xoguets con material de refugallo.

Mércores de 17.30 a 18.30 h | Nenos/as de 6 a 8 anos

### O RECUNCHO DE...

A aula de xogos será internacional, converténdose no lugar de onde ven a persoa do SVE, faremos unha combinación de xogos e contos onde os/as participantes darán renda solta á súa imaxinación e creatividade.

Xoves de 17.30 a 18.30 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### A CIENCIA CERTA

Descubriremos a través dos xogos diferentes aspectos sobre a ciencia e o mundo que nos rodea.

Primeiro xoves de mes de 19 a 20 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### XOGAMOS COAS EMOCIÓNS

Actividade na que a través dos xogos e contos descubriremos as emocións

Venres de 17.30 a 18.30 h | Nenos/as a partir de 6 anos

### ANIMACIÓN Á LECTURA

Actividade de fomento á lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo o mundo dos libros.

Sábados de 12 a 13.15 h | Nenos/as a partir de 6 anos

## CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

### VIVE A AVENTURA Proxecto lúdico e de animación á lectura

Actividade de animación á lectura na que se vive de maneira lúdica, a través de xogos, o mundo dos libros.

Martes de 17.15 a 18.45 h | Nenos/as de 5 a 7 anos

Xoves de 17.45 a 19.15 h | Nenos/as a partir de 8 anos

### TARDES DE XOGO · XOGO NA PRAZA

Sempre que o tempo o permita realizaremos xogos dirixidos e xincanas no exterior.

Mércores e venres de 19.30 a 20.30 h | Nenos/as a partir de 7 anos

### ESTRATEGIA: MÁIS QUE UN XOGO

Espazo no que coñeceremos e aprenderemos a xogar a diferentes xogos de mesa de estratexia.

Xoves de 19.30 a 20.45 h | Nenos/as de 8 a 12 anos

### ESCOLA DE DETECTIVES

Actividade na que xogaremos a ser aprendices de detectives, entrando no mundo da investigación e do misterio.

Venres de 17.45 a 19.15 h | Nenos/as de 7 a 10 anos

### ESTAMOS DE FOTO

Coñeceremos e retrataremos diferentes lugares da nosa cidade a través de saídas lúdicas e culturais con exposición final no centro de todas as fotografías e aventuras.

Terceiro sábado de mes a partir das 17 h (actividade mensual) | Nenos/as a partir de 7 anos

## CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

### AULA DE XOGO 1

### UN MUNDO POR DESCUBRIR

As nenas e nenos descubrirán unha chea de curiosidades a través da experimentación e da lóxica.

Martes de 17.30 a 18.30 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### AVENTUREIROS/AS DAS FONTIÑAS

Viaxaremos polo mundo a través de xogos e dinámicas, coñecendo idiomas, costumes e xogos dos distintos países.

Mércores de 17.30 a 18.30 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### OBRADOIROS TEMÁTICOS

Espazo no que traballaremos coa expresión artística, plástica ou o xogo arredor dunha data conmemorativa

Xoves de 17.30 a 18.30 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### CONTAMOS UN CONTO?

Actividade de fomento á lectura na que se presenta de forma lúdica e a través dos xogos o mundo dos libros.

Venres de 17.30 a 18.30 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### EDUCANDO EN POSITIVO

Actividade na que a través de xogos, contos ou da expresión artística descubriremos as emocións.

Sábados de 12 a 13 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### COCIÑA EN FAMILIA

Cociñaremos en familia para descubrir este fascinante mundo cheo de texturas e sabores descoñecidos.

Sábados de 18 a 19.30 h | Familias con nenos/as de 3 a 6 anos

### AULA DE XOGO 2

### DESCUBRIMOS XOGOS

Espazo de xogo presenciado ou dirixido no que descubriremos e recuperaremos diferentes e divertidas propostas de xogos novos ou de antano.

Todos os luns e xoves a partir das 18 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### RE-UTILIZO

Realización de diferentes obradoiros nos que elaboraremos, utilizando refugallos, accesorios e materiais para darlles un uso lúdico.

Todos os martes a partir das 18 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### ARRE E XO

Actividade de movemento na que realizaremos dinámicas que axudarán aos nenos e nenas a comprender o medio que os rodea e como o seu corpo se relaciona co mesmo.

Todos os mércores a partir das 18 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### A CIENCIA CERTA

Descubriremos a través dos xogos diferentes aspectos sobre a ciencia e o mundo que nos rodea.

Todos os venres ás 18 h | Nenos/as de 6 a 12 anos

### HOXE TOCA...

Xogos, obradoiros e saídas pola contorna.

Todos os sábados ás 11 h | Nenos/as de 6 a 12 anos